



PRESENTACIÓN

**Xosé M^a
Álvarez
Cáccamo**

conversará
cos escritores

**Luis
Suñén
e Xavier
Seoane**

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

Martes, 21 de maio, 19:30 h



**Somos o que
LEAMOS**

Encontros coa literatura contemporánea
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

Entrada libre

PRESENTACIÓN

Martes, 21 de maio, 19:30 h
Fundación Luis Seoane

Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950)

Considerado unha das figuras centrais da poesía galega contemporánea, Xosé María Álvarez Cáccamo é, ademais de poeta, crítico literario, narrador, dramaturgo, autor de libros para crianzas e artista. Desde que publicou en 1983 o seu primeiro libro, *Praia das furnas*, puxo nas librarías títulos xa inesquecibles como *Os documentos da sombra* (1986), *O lume branco* (1991), *Calendario perpetuo* (1997) ou *A boca da galerina* (2011). *Memoria de poeta* (2006) é o título da súa autobiografía. *Tempo do pai* (2008) recolle a evocación da vida do seu pai, Xosé María Álvarez Blázquez. As súas colaboracións de crítica literaria foron compiladas no libro *Espazos do poema* (2009). As súas máis recentes publicacións son o libro de poesía infantil *Tinta de luz* (2017), que figura no IBBY Honour List, e o poema *Berta*, editado como plaquette en 2019. Publicou tamén varios libros de poesía discursiva e visual en colaboración con Baldo Ramos.

A liña da vida (Chan da Pólvora, 2023)

Os poemas que compoñen este libro pronuncian unha nova voz de Xosé María Álvarez Cáccamo, a expresión dunha tonalidade clara que recolle as vivencias do corpo en tempo de inverno, as da idade próxima aos arrabaldos da vellez, condición asumida desde a "austera disciplina da melancolía" pero aínda instalada na emoción do asombro e da expectativa. Ambas posicións dirixen tamén o testemuño da existencia colectiva, a desesperanza e o soño da revolta e da xustiza universal. Pecha o libro un conxunto de poemas conducidos pola conciencia da morte e a evocación das figuras próximas de amigos e familiares definitivamente ausentes. Con *A liña da vida*, Xosé María Álvarez Cáccamo rompe un silencio de nove anos desde a publicación do seu último libro de autoría individual.